

A solaina das letras. Últimas publicacións en poesía

Xosé Ignacio Alonso

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ALONSO, XOSÉ IGNACIO (2011 [1988]). “A solaina das letras. Últimas publicacións en poesía”. *Dorna*: 13, 110-112. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/201>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ALONSO, XOSÉ IGNACIO (1988). “A solaina das letras. Últimas publicacións en poesía”. *Dorna*: 13, 110-112.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

ÚLTIMAS PUBLICACIONES EN POESÍA / Xosé Ignacio Alonso

Cando un abre un libro de poemas encóntrase cunha atmósfera enteiramente nova, chea de mares descoñecidos e estancias baldeiras. Nacemos nese mundo e a medida que nos imos adentrando nas súas galerías imos crecendo e facendo nosas as paisaxes e a historia, que só o autor viviu inicialmente, pero que todos imos vivindo a medida que nos empapamos dos sales que contén cada verso. Un libro que non nos faga vivi-la súa historia, que non implique totalmente ó lector nunca logrará encher-nos enteiramente.

Os poemarios que agora imos presentar logran transmitirnos esa interioridade, persoal de cada home. Sumerxen ó lector na súa propia vivencia, facéndonos sentir nosos tanto a ausencia e a perda coma a paixón e o amor.

Carlos Casares, Arcadio L. Casanova, Fernan-Vello, Basilio Losada e Luís G. Tosar formaron o xurado do VI premio Esquíu de poesía en lingua galega, do que resultaría gañador o libro *LUMINOSO LUGAR DE ABATIMIENTO* de Xosé M. Álvarez Cáccamo, sendo finalista, *OS APOSENTOS SILENCIADOS* de Xavier Rodríguez Barrio.

Álvarez Cáccamo preséntanos un libro composto por sete preludios e un adaxio en tres partes no que cabe resalta-lo ritmo musical logrado pola versificación en alexandrinos, que dá a sensación de que o poeta pon música ós seus versos como se se tratase dunha partitura. É un poemario que require unha lectura lenta para ser descifrado totalmente, xa que os seus versos alcanzan por veces unha gran fondura.

LUMINOSO LUGAR DE ABATIMIENTO, preséntano-la perda do inmediato para acceder ó pasado, e neste atopa a perda total, que se fai real e incluso dolorosa na perda do pai, da infancia, da casa familiar... e que nos levan a unha reflexión sobre o tempo, a morte, o caos. Na última parte o poeta fai unha reflexión sobre o destino, que o leva a un canto mási esperanzado.

OS APOSENTOS SILENCIADOS de Xavier Rodríguez Barrio, Col. Esquíu de Poesía, Ferrol, 1987, está composto de catro grandes apartados: "Preludio ás tardes longas", "Presencia dada", "As horas interiores" e "Os silencios". A pesar desta división o libro ten unha gran unidade, lograda ó manter tódalas partes un tema en común: o amor. O presente poemario é un relato de amor vivido desde distintas prespectivas: de paixón, de ausencia, de dor...

Rodríguez Barrio usa para transmitir estas sensacións versos longos, sen medida, nos que hai unha gran liberdade de imaxes e un intenso fondo lírico.

Outro dos premios concedidos hai poucas datas é o Losada Dieguez do que foran gañadores o pasado ano Ramiro Fonte e Paco Martín. É un premio especial porque o poeta non presenta a súa obra, senón que é escollido. O gañador foi Luís González Tosar co seu poemario *A CANEIRO CHEO* que xa fora merecedor do premio Esquíu no ano 1985 e que foi reeditado recentemente pola Editorial Galaxia na colección Ronsel.

SOLAINA DA AUSENCIA de Xulio L. Valcarcel (Vía Láctea Poesía) é un volver a unha etapa da vida xa lonxana pero que deixou no camiño moitos materiais sedimentados. É a volta a un anaco da vida do poeta, pero ó mesmo tempo logra plasmar unha etapa da vida pola que pasamos todos, ata certo punto vainos descubrindo os nosos propios records.

Xulio L. Valcarcel definenos, nunha carta introductoria que envía a Fiz Vergara Vilariño, o que é o libro como un intento de afondar nunha experiencia común de tódolos homes: a perda. É, con todo, unha fonda evocación do amor vivido desde a ausencia da amada.

Logra crear unha cálida paisaxe interior na que debuxa os seus personaxes, xa desde a presenza lembrada, xa desde a soidade e o olvido. É o seu un mundo decadente no que o tempo se enche de inverno, de amor, dos perfumes da noite e do orballo.

Luz Pozo Garza preséntanos *CÓDICE CALIXTINO* (Edicións Sotelo Blanco, Col. Leliadoura) no que continúa a liña intimista marcada nos anteriores poemarios. Reflexa nos seus poemas as súas vivencias máis fondas, os seus sentimentos. É unha poesía persoal que se vai escribindo lentamente desde as cousas máis insignificantes, que se escribe día a día e que se deixa madurecer lentamente porque, como di Paul Valéry na cita inicial do libro, “unha obra non é nunca unha cousa acabada”.

O poemario ten un fondo remate co apartado “Homenaxe” no que recorda a Luís Pimentel, Luís Seoane...

Claudio Rodríguez Fer preséntanos dous poemarios: *A BOCA VIOLETA* (Edicións Sotelo Blanco, Col. Leliadoura) e *LUGO BLUES* coa colaboración fotográfica de Eduardo Rodríguez Ochoa, editado polo concello de Lugo.

A BOCA VIOLETA ten un fondo contido erótico (de forma especial no poema que dá título ó libro e na sección “picadura mortal” aínda que este tema se agocha moitas veces detrás do tema paisaxístico ou do social.

LUGO BLUES é un conxunto de poemas adicados enteiramente a Lugo, é unha visión da cidade desde tres etapas temporais distintas. A primeira etapa é “Sempre Lugo”. E unha viaxe ó pasado, a fundación da cidade, “Lugo lacustre”, é o Lugo vivido polo propio autor nos anos máis mozos. A última parte, “Lugo xalundes” é unha visión de Lugo desde o mundo ou do mundo desde Lugo.

RESTAURACIÓN DOS DÍAS (Edicións Sotelo Blanco, Col. Leliadoura) de Manuel Álvarez Torneiro é o libro da transparencia. O fuxitivo, a ansiedade, o transcurso do tempo, a ausencia... son algúns dos temas nos que afonda.

É un libro fundamente madurado, deixado repousar durante moito tempo na escuridade da alcoba. Álvarez Torneiro preséntanos uns versos longos nos que as palabras adquiren musicalidade coa lectura lenta, repousada, pero non exenta de vida (como un río que se achega á súa desenbocadura e dá a sensación de morto, pero o seu interior está cheo de forza.

Temos que saudar con gozo *PALABRA DE MAR* (Edición subvencionada pola Consellería de Cultura) primeiro poemario de Ana Romaní, que vén asentar –se aínda non o estaba– a súa presenza dentro da nosa poesía máis nova. Ana é asidua colaboradora desta revista.

O mar é o universo vital de todo o desenrolo deste poemario. Un mar do que emerxe solitaria a palabra para ir

converténdose en desexo, nunha paixón que busca o corpo que se recorda acedamente desde a ausencia.

É un mar real, que vive e sente, un mar que é fonte e fin da vida, un mar que é a propia autora que mantén un diálogo na ausencia, xa con ela mesma, xa cun corpo ausente que a pesar da súa lonxanía habita o silencio dos obxectos que se achegan a ela, facéndose presente de forma especial na gaivota que se achega constantemente ó mar.

Ana Romaní non crea un mar baldeiro senón que fai unha viaxe a través da propia vida, implicándose totalmente, enchendo así de vida uns versos que tratan de vence-lo desamor. O silencio inicial que nos marca a separación de dous corpos vaise rompendo a medida que viaxamos polo poemario, ata chegar a unha palabra que é amor onde se xuntan os corpos alonxados e se pon fin á desesperanza da ausencia. É en definitiva, unha viaxe polo mar á procura da liberdade do amor.

DESDE O TEITO DA NOITE (Edicións Xerais de Galicia, Col. Vento branco) de Antón L. Dobao é ante todo e sobre todo un libro de poesía amorosa. Un amor que se alonxa dos tópicos, tan frecuentes neste tipo de poesía, para mostrarnos un amor vivencial, unha poesía feita de auténticos sentimentos. A muller amada xoga un papel vital nesta poesía xa que ela está presente en tódolos poemas.

A lingua de Antón L. Dobao está fondamente traballada, modelando lentamente cada un dos versos. É unha poesía por veces intelectual pero sempre exenta de inútiles adornos retóricos.

ENTRE AUGA E FOGO (Cantos da Terra Posuída) (Edicións Sotelo Blanco) de Miguel Anxo Fernán-Vello

é unha obra fermosísimamente editada e que foi acollida con opinións dispares por parte da crítica.

Fernán-Vello volve ó tema do amor. É un libro de amor, pero non só á muller, senón á totalidade do mundo que o rodea, á terra, á paisaxe, ós fenómenos naturais... É unha exaltación do mundo que habita o poeta, na que a paisaxe vai xogar un papel fundamental. Unha paisaxe harmónica, chea de luz e de música, cunha gran adxectivación que fai que moitas veces as imaxes estean totalmente baleiras de sentido.

É un canto á patria na que reina o poeta, rodeado de cores inocentes e veces case imperceptibles.

Teríamos que saudar outros moitos libros, deixarnos invadir polas súas augas ata afogar, pero o mellor é que percorrámo-las súas páxinas. *MESTERES* de Arcadio López-Casanova, (Vía Láctea Poesía). *MAR DO FIN DA TERRA* de Cesareo Sánchez Iglesias (Vía Láctea Poesía). *RITUAL PRA UNHA TRIBU CAPITAL DE CONCELLO* (Edicións Follas Secas) de Manuel María. *POESÍA GALEGA COMPLETA* de Xosé M.: Álvarez Blázquez (Edicións Xerais de Galicia). *HERDO DE MEMORIA E TEMPO* de X. L. Franco Grande (Edicións Xerais de Galicia)...

E rematamos dando conta dun novo premio de poesía galega o *PREMIO LELIADOURA* que se fallou en Compostela. Formaron parte do Xurado, Basilio Losada, Xesús González Gómez, Henrique Monteagudo, Xavier Seoane e Xoán Manuel Casado. O gañador foi Manuel Forcadela con *O varedor en outono*, quedando finalista Antonio Rodríguez López con *Sucios e desexados*.